

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE NOVEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

### SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVEESA CARDELLE
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dezaeito de novembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/10/2010)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e un de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

#### 2º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2011

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2011) aprobadas polo Pleno da Deputación con data 24 de setembro de 2010 e publicadas no BOP num. 187/10, do 29 de setembro.*

De acordo coa mesma, propónse:



1º.- Aprobar o *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2011)* cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
<i>Mellora e acond. vias municipais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Calzande, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón</i>	32.722,77	34.251,54	66.974,31
<i>Constr. dun pozo de bombeo de augas residuais en Paradela</i>	32.722,76	11.259,72	43.982,48
<i>Ampliación da rede de alumeadado público en Bazar, en S. Miguel de Sarandón e S. Pedro de Sarandón e medidas complementarias de aforro enerxético</i>	32.722,76	8.780,79	41.503,55
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>98.168,29</b>	<b>54.292,05</b>	<b>152.460,34</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan nesta táboa

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	98.168,29

C) Resumo:

	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>98.168,29</b>	<b>54.292,05</b>	<b>152.460,34</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>98.168,29</b>	<b>421.831,71</b>	<b>520.000</b>
<b>TOTAL</b>	<b>196.336,58</b>	<b>476.123,76</b>	<b>672.460,34</b>

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2011 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Orzamento
<i>Acond. e ensachamento da pista entre as estradas AC-241 e CP-8901</i>	80.528,62
<b>TOTAIS</b>	<b>80.528,62</b>



3.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.

5.- Solicitarlle á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100 do seu importe

7º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Intervén a Presidencia para expoñer que en principio o proxecto de Parade-la tiña un orzamento de vinte e pouco mil euros, e que se completou cunha ampliación dende o pozo ata a rede xeral , e polo que respecta os bacheados en Santa Cruz , Cimadevila e outros dos que se falou na Comisión informativa, que lle encargou ó arquitecto municipal que redactase un proxecto de cara á súa inclusión nos orzamentos do vindeiro ano.

O Sr. Martínez do PP solicita que ós bacheos de Santa Cruz, San Pedro e outros que solicitou o outro día, se engada o bacheo da pista que vai dende Baamonde ata a igrexa de San Andrés de Illobre, que lle remitiu a AA.VV.

Di tamén que como xa manifestou na Comisión Informativa ao seu grupo gustaríalle que só se destinase o 25% a sufragar gastos correntes, pero que aínda así o seu voto vai ser a favor

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que vai absterse na votación, debido a que se ben considera obras necesarias como o pozo de bombeo, as medidas de aforro enerxético e o bacheado, pero que non pode admitir, máis en época de crise, a ampliación da rede de alumeados, que neste concello xa é excesiva, ou o afirmado do campo da festa de San Miguel, que xa é excesivo o investimento nel, por iso vai absterse na votación para non obstaculizar a realización de obras necesarias

Posto a votación o citado acordo apróbase con once votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 abstención do BNG

**3º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos**

Dáse conta da proposta de modificación da ordenanza fiscal num. 6 reguladora da *taxa por expedición de documentos administrativos*.



O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que en canto ás dúbidas plantexadas polos voceiros do PP e do BNG, sobre dos prezos, non é interese do grupo de goberno deixar de aprobar unha ordenanza por una modificación de prezos, deixando constancia de que se tiveron en conta os criterios dos técnicos , que son os que realmente coñecen a problemática, poñendo como exemplo de que por parte de un só unha persoa se chegaron a solicitar máis de 200 certificacións catastrais, por iso a ordenanza pretende evitar eses abusos.

En canto a que todas as asociacións, e no só as de veciños, estean exentas de pagamento, di que as asociacións cando presentan algo en ventanilla para a Xunta ou para o Rexistro da Deputación xa non se lle cobra

Dona Xosefina R. Guitián di que segue a ter dúbidas sobre do tema das compulsas, e admite que o tema das exencións ás asociacións que se lle pasou por alto, entendendo que todas aquelas que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións , dubidando que para expedientes do concello se poidan cobrar as compulsas

Sinala que a ordenanza é necesaria e anuncia que cambiara o seu voto se non se inclúen nas exencións a todas as asociacións

O Sr. Alvela de TEGA expón que está totalmente de acordo co tema de que todas as asociacións estean axentas de pago e non só as de veciños, e polo que respecta ós prezos di que algún lle parece excesivo, como é o caso das copias de documentos e informes da Alcadía, e outros razoables porque como no caso da certificacións catastrais lle evitan aos veciños tempo e gastos

O Sr. Martínez do PP tamén sinala estar de acordo con que todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións estean exentas no pagamento desta taxa. En canto ós prezos di que lle parecen razoables, sobre todo para evitar abusos e tendo en conta que os traballadores municipais coñecen cal é a situación dos veciños, pero vanse abster, porque eles nunca cobrarían os certificados de padrón, estando de acordo con Tega no tema de que as fotocopias de expedientes lle parecen excesivos.

O Sr. Sánchez intervén de novo e di que as opinións dos grupos lle parecen constructivas e que en canto ós prezos que a ordenanza non está feita para racadar, e que segundo o informe económico que se achega ó expediente de modificación, o custo administrativo é de 30.000 euros entre todos os departamentos.

De seguido proponlle ós distintos grupos deixar a ordenanza redactada tal e como se presenta e deixar ó criterio dos técnicos as cuestións que se puidesen mellorar con respecto ós prezos

Intervén o Secretario da Corporación, Sr. Méndez, e di que ata o de agora as asociacións non estaban exentas, e polo que respecta ós prezos que se poden modificar ou non, pero que a repercusión económica no concello non ten importancia, e que o feito de que calquera veciño teña dereito a un servizo non significa que sexa gratis

Para rematar sométese a votación a modificación da ordenanza, que quedaría redactada do seguinte xeito

“ Artigo 4. Responsables.



Responderán da deuda tributaria, xunto aos debedores principais, outras persoas ou Entidades. Para estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da deuda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

#### “Artigo 5. Exencións e Bonificacións.

Estarán exentos os documentos que presenten ou se expidan para Asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións , Alcaldes de Barrio e aqueles outros que sexan declarados expresamente de interese social pola Xunta de Goberno.

#### “Artigo 6.- Cota Tributaria.


A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa fixada no artigo seguinte.

A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do Acordo recaído.

#### “Artigo 7. Tarifa

A taxa a que se refire esta Ordenanza rexirá polas seguintes tarifas:

CONCEPTO	IMPORTE
<b>CENSO DE POBOACIÓN DE HABITANTES</b>	
1.- Certificacións de empadramento e veciñanza	
2.- Certificados de convivencia e residencia	2,00 euros
<b>CERTIFICACIÓN E COMPULSAS</b>	
1.- Certificación de documentos ou acordos municipais 5,00 €	
2.- Cotexo de documentos	**1
3.- Bastanteo de poderes	15,00 euros
<b>DOCUMENTOS EXPEDIDOS POLAS OFICINAS MUNICIPAIS</b>	
1.- Informes testificais	30,00 €
2.- Fotocopias de documentos administrativos	0,50 €/ud



LICENZAS URBANISTICAS	
1.- Certificacións catastrais	15,00 €
2.- Denuncias urbanísticas	15,00 €
3.- Informes con planos	20,00 €
4.- Recoñecemento de firmas, fé de vida ou similar	15,00 €
5.- Informes de alcaldía (antigüidade, ubicacións, etc)	30,00 €

\*\*1 1€/ud. . Para máis de 20 compulsas aplicaráselle un 50% de recargo se os interesados o solicitan con carácter de urxencia.”

“Artigo 8.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a Tributo.

Ademáis, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que proñezan a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sin previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.”

“Artigo 9.- Normas de Xestión.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

As cotas satisfaceranse nas oficinas municipais, no momento de presentación do escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente, ou ao retirar a certificación ou notificación da resolución si a solicitude non existira ou non fose expresa.

Os documentos recibidos polos condutos de outros Rexistros Xerais serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen o previo pago dos dereitos, a cuxo fin se requerirá ao interesado para que no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes, co apercibimento de que transcorrido o dito prazo sen efectualo, teráselle por non presentados os escritos ou documentos e será arquivada a solicitude.

As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se teña satisfeita a correspondente cota tributaria”.

“Artigo 10.- Infraccións e Sancións.

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolven.”

“DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.



A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrado o \_\_\_\_\_ entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do \_\_\_\_\_, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa."

O Pleno, con 5 votos a favor do PSdeG-PSOE e 7 abstencións do PP, TEGA e BNG, acorda aprobar a citada modificación.

**4º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a adaptación das antenas de telefonía móbil á legalidade urbanística e aprobación dunha ordenanza que regule a instalación e funcionamento de elementos e equipos de radiocomunicación**

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que no concello están a funcionar 3 antenas de telefonía móbil, das que só unha ten licenza municipal posterior á publicación do R.D. 1066/2001, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección de dominio público radioelétrico, restricións as emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas

Sínálase ademais na mesma que independentemente dos efectos que sobre da saúde provoquen as citadas emisións, o concello ten a obriga de velar pola salubridade dos veciños e veciñas, así como polo cumprimento da lexislación vixente, e polo tanto velar para que as citadas antenas sexan inspeccionadas anualmente para que manteñan as emisións dentro dos límites marcados pola lei e para que estean adaptadas á lexislación vixente, e dende logo, velar pola legalidade urbanística, máis se cabe cando se trata de elementos que producen un rendemento económico a unha empresa.

Ademais e dado que cada vez vai ser máis demandada a instalación deste tipo de antenas, consideran responsabilidade do concello aprobar unha ordenanza que regule a instalación e funcionamento de elementos e equipos para a prestación de servizos de radiocomunicación, tal e como cada vez fan máis concellos, para ter un verdadeiro control e información sobre das mesmas, e velar para que se instalen de forma que fagan o menor dano posible


Por todo iso solicita a adopción dos seguintes acordos:

*1º.- Inicio inmediato de expediente de reposición da legalidade urbanística á antena de Movistar instalada en Tomonde, e traslado da mesma no seu caso*

*2º.- Comprobación de que a antena ubicada en O Francés -Vilanova, está adaptada ao R.D. 1066/2001*

*3º.- Elaboración dunha ordenanza que regule a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no concello.*

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que na exposición de motivos está bastante claro, que dende fai un par de meses se interesou por estas antenas e que se lle contestou que polo menos unha delas estaba ilegal, e outra delas si tiña licenza pero cando se concedeu aínda non estaba regulada polo Estado Español a normativa que regula as emisións radioelétricas das antenas



Ademais expón que o propio Ministerio de Industria di na súa páxina web que hai trámites administrativos que si son necesariamente consecutivos doutros, como é o caso da licenza urbanística de funcionamento respecto do informe favorable polos servizos técnicos do Ministerio das antenas de telefonía móbil que quede acreditado o uso adecuado dos espectros radioléctricos e que se adopten as medidas oportunas para garantir a seguridade da saúde das persoas fronte á exposición a campos, isto significa que se non existe licenza urbanística previa o M.I non está a facer as inspeccións axeitadas, non está acreditando o uso adecuado do espectro radioeléctrico, polo tanto entende que non é de recibo, máxime cando provoca un rendemento económico a unha empresa, que non está legalizada e pagando os impostos que ten a obriga de pagar, sobre todo cando provoca tantas re-ricencias entre os veciños

Tamén indica que a lei do 2001 establecía un prazo para adaptar ó R.D. 1066 as antenas que estaban instaladas previamente e descoñece se a antena ubicada no Francés se adapta ó R.D. Por outra banda e tendo en conta que somos un concello pegado a Compostela e no que se pretende que teñamos toda cobertura, se regule adecuadamente por medio de unha ordenanza este tipo de instalacións, como fan a maioría dos concellos

Parécelle importante que dende o concello se faga un seguimento das obrigas que ten o Ministerio de cara a este tipo de instalacións, solicitando que se recupere a legalidade con respecto a este tipo de elementos, e que se comprobe a adecuación á legalidade da do Francés e que no prazo máis breve posible se redacte unha ordenanza


O Sr. Alvela de TEGA di estar de acordo totalmente coa Sra. Guitián, e que aínda que non estea totalmente probado, ningún quere ó carón da súa vivenda este tipo de instalacións, e con máis razón se se instalan sen licenza municipal, como é o caso da de Tomonde, e polo tanto votará a favor para que de algún xeito se legalize e que se houbese algunha maneira de coñecer que tipo de emisións e en que forma sería bo, aínda que lle parece complicado.

O Sr. Martínez do PP di estar totalmente de acordo coas explicacións dadas pola voceira do BNG e no caso de Tomonde coñece perfectamente as queixas dos veciños, apoiandos ó cento por cento; o tempo que aproveita para preguntar que pasou co expediente doutra antena situada en zona de monte, xa que de feito habería que estudar intentar sacar este tipo de instalacións situadas cerca das casas e ubicalas en zonas de monte para ter cobertura.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que apoia a moción do BNG, reiterando que o problema desta antena de telefonía móbil é herdado de gobernos anteriores e que se o expediente remata coa conclusión de que non é legalizable dende logo habería que iniciar un expediente para proceder á súa retirada, traendo outra consecuencia que os veciños solicitaran cobertura, tendo que estudar outra ubicación, e dado que son empresas privadas pactaran cos propietarios das parcelas.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción

5º.- Acordo, se procede, sobre moción conxunta dos grupos PSdeG-PSOE, PP e BNG con motivo do día internacional contra a violencia de xénero





Dáse conta da proposta da Comisión Informativa de que por parte da voceira do BNG, dona Xosefina R. Gutiérrez, se faga unha refundición das tres mocións presentadas polos grupos BNG, PSdeG-PSOE e BNG.

De seguido toma a palabra a citada voceira e sinala que nas tres mocións estaban todos os grupos de acordo, a parte da declaración de intencións, o que é o día ante a violencia de xénero, de que realmente hai que seguir avanzando na loita contra o que é unha verdadeira lacra social que cada ano parece que suma máis vítimas, en vez de diminuír, en todas se facía mención ao completo desenvolvemento da lei 11/2007, aprobada pola Xunta, e tamén se facía alusión a estender a protección aos nenos e nenas que son vítimas deste tipo de violencia, e solicitarlle á administración local facilitarlle ás mulleres información.

Sométese a votación o seguinte acordo, que se aproba por unanimidade dos asistentes:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto a creación do Observatorio Galego da Violencia de xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

2º.- Instar ao Goberno Autonómico de Galicia cumprir os acordos que, sobre protección de menores expostos a entornos de violencia de xénero, foron asumidos polas Comunidades Autónomas na reunión do Consello Sectorial de Igualdade celebrado en abril deste ano 2010, coa posta en marcha do sistema de protección especializada de menores e de elaboración do Protocolo de atención aos mesmos, extendendo a protección da Lei Orgánica 1/2004 a estes, por entender que son vítimas, directas ou indirectas da violencia que se exerce contra as súas nais

3º.- Instar ao Goberno Autonómico de Galicia para conseguir unha maior formación especializada e unha maior implicación da Policía Autonómica na protección das vítimas de violencia de xénero

4º.- Solicitar á administración local que facilite ao máximo o acceso das mulleres aos recursos existentes, reforzando actuación ou poñendo en marcha mesas de coordinación a nivel local e protocolos de actuación ante novos casos

5º.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia

6º.- Solicitar ás administracións estatal e autonómico que continúen velando porque os medios de comunicación adopten as medidas oportunas para que o tratamento informativo da violencia contra as mulleres se manteña no respecto debido ás vítimas e o seu contorno

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para garantir os investimentos no ensino público**

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que para garantir a calidade educativa do ensino público de Galicia é necesario que o investimento público garanta o acceso á mesma en igualdade de condicións para todos os nenos e nenas, máxime en época de crise onde se acentúan as diferencias entre as familias para poder manter un acceso igualitario á educación



Tamén di que para o vindeiro curso escolar os orzamentos de Educación da Xunta de Galicia sofren unha baixada de case un 7%, que afecta de forma moi directa á partida de investimento, que poden por en perigo a conservación e mellora dos centros de ensino público, sendo moi significativa en partidas que teñen como destinatario directo ao alumnado, como é o caso das bolsas para aprendizaxe de idiomas (recorte do 35%), bolsas para o alumnado universitario (preto do 50%); axudas ás ANPAs para a xestión dos comedores escolares que chega a un 35%, e sen embargo reserva 2 millóns de euros para cambiar os libros de texto de galego a castelán para o vindeiro curso

Por iso o BNG solicita a adopción do seguinte acordo:

*Instar ao Presidente da Xunta de Galicia para que a Consellería de Educación:*

*1º.- Manteña as partidas de bolsas para o alumnado, destinada a estudar idiomas, bolsas para as prácticas de FP e para os estudos universitarios, cun importe como mínimo ao recollido nos orzamentos deste ano 2010*

*2º.- Manteña a partida adicada a axudas as ANPAS para a xestión dos comedores escolares cunha dotación que como mínimo se equipare á dos orzamentos da Xunta de 2010*

*3º.- Incorpore aos orzamentos de 2011 os recursos suficientes para que as reparacións e mantemento dos centros públicos de ensino estean garantidos.*

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que o tema está bastante explicado na proposta que se presenta, e que efectivamente estamos nun momento de crise económica, que conleva unha baixa importante en todas as partidas, pero que partidas como educación e sanidade son ontocables, porque acentúan cada vez máis as diferencias sociais entre as persoas, e que no caso do ensino, ademais de afectar moi directamente a temas como as bolsas para os universitarios, para os comedores, mantemento dos centros educativos, ...etc, dáse o paradóxico gravísimo de que se dedican máis de 2.000 millóns de euros en cambiar uns libros de texto en perfecto estado que están en galego por outros en castelán.

Sinala ademais que parte destes recortes van afectar ós concellos, ó de Vedra tamén, xa que o mantemento dos centros que non faga a consellería vai ter que facelo os concellos, e que na moción o seu grupo non solicita nada excesivo, senón que só se trata dunha denuncia política dunha situación que cree intolerable, pero que os acordos solicitados non son nada radicais, xa que só se pide manter as partidas cando menos do 2010 en tres puntos moi concretos: recursos suficientes para o mantemento dos centros; axudas aos comedores e no que se refire as bolsas destinadas ao alumnado.

O Sr. Alveta de TEGA anuncia o seu voto a favor da citada moción, pois aínda que no preámbulo pode estar ou non de acordo, os acordos que se solicitan, como ben dixo a voceira do BNG, son moderados e que efectivamente aínda que estemos nunha situación económica de crise económica non é nestas partidas onde hai que recortar.

Don Manuel Costa Carneiro do PP e expón que os orzamentos autonómicos do 2011 están marcados pola situación económica e repercusión das medidas adop-



tadas dende o Goberno Central (do PSOE), que polo que se refire á Consellería de Educación e OU ascende a máis de 2.222 millóns de euros, que en termos porcentuais supón un 6,8% menos que en 2010, pero que unha parte substancial desa caída ten unha causa específica (R.D.L. 8/2010) do 20 de maio, polo que se adopten medidas extraordinarias para a redución do déficit público, máis coñecido como “decretazo do Goberno central”., por contra a baixada do Ministerio de Educación é do 8,13 por cento, e que un de catro euros dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2011 son para educación.

En canto ós puntos da moción, di que en bolsas de alumnado, FP, idiomas e universidades hai un esforzo para propiciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras por parte dos galegos e galegas, a aposta polo plurilingüismo deste goberno fai que o retroceso nas axudas ao alumnado para aprendizaxe de linguas estranxeiras, vese compensado pola dotación de axudas aos auxiliares de conversación, e sen dúbida a FP continúa a ser unha das prioridades deste goberno.

Tamén expón que hai unha forte aposta polas universidades que se concreta no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia e que o outro gran esforzo da Consellería foi manter as contías dos créditos destinados a bolsas para alumnos universitarios, ás que se destinaran 3 millóns de euros no exercicio 2011.

Polo que respecta ós comedores escolares, di que para o ano 2011 obsérvase que a partida non só non descende senón que se incrementa con respecto ao presente ano, dispoñendo de un millón adicional, é dicir, un 4,3% máis, e en canto ós comedores xestionados pola ANPAs tivemos dous anos consecutivos de incremento (do 10 por cento cada ano) e agora toca axustar.

Por último sinala que no que se refire ás obras e reparacións, a Consellería de Educación e OU afrontará obras, pero para primar a política social e educativa, opta por garantir un nivel de investimentos maior naqueles proxectos que considera como estratéxicos (pontenciación das linguas estranxeiras, universidades, ...etc), e que tivo que facer axustes nas dotacións destinadas ao investimento en construción e reparación de centros, pero cunhas cifras máis axustadas vanse manter os centros educativos en condicións, e que en definitiva o PP coincide no interese polo ensino, especialmente polo ensino público e de calidade, de aí que a aposta deste goberno da Xunta por educación en particular e por políticas sociais, en xeral, é clara, recordando que é primeira vez en que as partidas destinadas a gasto social supoñen o 75% do total dos orzamentos.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que a educación é un tema básico para calquera goberno e que pesares dos datos facilitados polo Sr. Costa do PP, á xente percibe mellor as cuestións máis sinxelas, e a trista e dura realidade é que se minoran os gastos

Di tamén que hai que comezar por recoñecer que as necesidades educativas dos nenos e nenas galegas son as mesmas que as do ano pasado e que sen embargo sen vai gastar menos, e porque non se cubren as baixas dos mestres, porque se sacou o programa de gratuidade dos libros de texto e se substituíu por outro que é máis caro, porque iso non se explica á cidadanía, e que en definitiva a educación é o que distingue os gobernos progresitas, que priman o gasto social, doutros que teñen outros intereses.

A Sra. Guitián di que efectivamente recoñeceu o Sr. Costa que existe un recorte, e que como ben dixo o Sr. Sánchez na súa intervención, as necesidades son as mesmas. Polo que respecta ó mantemento dos centros educativos dixo -o Sr.



Costa - que sempre foi un lastre, e a baixada neste caso é do 40%, polo que a situación pode chegar a ser gravísima; en canto á baixa das subvencións ás ANPAs, dixo que estaban a facer un esforzo en crear comedores escolares, pero que mentres non sexa un servizo xeralizado e por outra banda non se apoie ás mesmas, que están a suplir unha función que lle coresponde á Consellería, estase a crear cada vez máis agravios comparativos

Por último di que a oposición ten a obriga de denunciar, solicitar e esixir que se destinen os recursos suficientes para temas como a sanidade e o ensino

O Sr. Costa reconece que existe unha redución, pero que a situación é a que hai, tendo que distribuir uns recursos e asumir unhas responsabilidades e desde o goberno o están a facer, xa que no resto de consellerías o recorte é dunha media do 25% e en sanidade e educación só é do 5%, aínda que a él tamén lle gustaría que se incrementasen os fondos destinados a estas finalidades

Di que sen entrar noutros debates que non son competencia deste pleno, se está a intentar aplicar políticas de axuste económico, políticas realistas para intentar sacar esta situación adiante.

Por último sinala que en temas de cifras se podería seguir a falar, pero que se deberái ter feito máis en época de vacas gordas e que o seu grupo ten plena liberdade para decidir o voto no pleno sobre deste asunto, pero que cree firmemente no que está a dicir

O Sr. Sánchez di que non ten dúbidas sobre dos datos facilitados polo Sr. Costa na súa intervención, pero que o Presidente da Xunta ten que explicarlle as cuestións á cidadanía e despois asumir as responsabilidades, e que as competencias educativas son da comunidade autónoma.

O Pleno, con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG, e 5 abstencións do PP, acorda aprobar a citada moción conxunta.

**7º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE con motivo do día internacional contra a violencia de xénero, o 25 de novembro**

Retírase xa que foi refundida coa do BNG e outra presentada polo PP.

**8º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE para garantir unha sanidade pública de calidade**

Dáse conta da citada moción na que se expón que nos últimos anos estase a sufrir unha deteriorización dos servizos públicos que no caso da sanidade se concreta nun incremento das listas de espera, incluso en atención primaria, nun incremento da derivación a centros privados concertados, no peche de hospitais pola tarde, na paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e ultimamente na ameaza de privatización e financiamento público privados das novas infraestruturas sanitarias, acompañado e en parte motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondentes

Di tamén que non se poden admitir eses niveis de saturación e de falta de medios e de recursos sanitarios, e que os municipios da Área de Saúde de Vedra



necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais

Polo exposto solicitan a adopción dos seguintes acordos:

*Primeiro. - Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos, vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.*

*Segundo. - Esixir que se dote, de forma inmediata, dos recursos necesarios para evitar listas de espera nos centros de saúde do Concello*

*Terceiro. - Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade*

*Cuarto. - Mante o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos cuidados e plans de cuidados de enfermaría e dos servizos administrativos de atención ao usuario*

*Quinto. - Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos*

*Sexto. - Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación*

*Sétimo. - Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa área Sanitaria, para desenvolver o Plan Director de Infraestructuras Sanitarias 2008-2013 e o Plan de Investimentos en Alta Tecnoloxía Médica*

*Oitavo. - Financiar a construción e equipamento de infraestructuras sanitarias mediante o financiamento público 100% a través do capítulo IV de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde, ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI)*

*Noveno. - Apoiar cos medios dispoñibles as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local*


*Décimo. - Comunicar a presente Moción á Corporación Municipal de Vedra, á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.*

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón a necesidade deste acordo nos tempos que corren, dado que a sanidade ao igual que o ensino son necesidades básicas, e todos os días estamos a leer na prensa queixas dos veciños sobre do funcionamento destes servizos .

Di ademais que si é certo que os recursos nunca serían suficientes, pero que os responsables políticos teñen que ser absolutamente cuidadosos e manter o nivel de atención sanitaria

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que está totalmente de acordo coa moción polos mesmos motivos que expuxo na moción sobre do ensino, e que a asistencia sanitaria universal é a maior riqueza da que podemos presumir neste país.

Sinala tamén que os recursos efectivamente nunca foron suficientes, sempre houbo demandas de melloras, pero o que non se pode consentir é unha merma dos servizos, e que a oposición ten a responsabilidade de esixir que se mellore e nunca dar un paso atrás, con políticas que se están a anunciar de concertos con



entidades privadas , que como se pode comprobar en comunidades autónomas, como é o caso de Madrid, non funcionan.

Por último di que vai apoiar os puntos da moción, que por outra parte están consensuadas na Plataforma Galega da defensa da Sanidade Pública, integrada por partidos políticos, entre eles o BNG, e por asociacións profesionais, usuarios e veciños.

O Sr. Alvela de TEGA di que a educación e a sanidade son servizos básicos e esenciais, xunto con servizos sociais , e que os responsables políticos deben buscar os recursos de onde sexa para garantilos, poñendo por exemplo que segundo datos que lle facilitaron cos gastos que xenerou a Cidade da Cultura cada concello de Galicia podería dispor dun xeriátrico.


Intervén o Sr. Lema do Grupo PP e expón que o PSdeG-PSOE fai unha exposición de motivos que reflicte moi ben a situación de deterioro acadada na sanidade pública despois de 4 anos de xestión dun goberno PSOE-BNG na Xunta de Galicia, xa que foi durante ese goberno cando se deron por primeira vez as listas de espera en atención primaria, cando máis se incrementaron as listas de espera nos hospitais e cando máis concertos se acadaron nos centros privados (pasouse de entre o 8 e o 11% de crecemento anual a un 44% no ano 2008, sen embargo entre 2008 e 2009 a partida de concertación con centros privados minorouse en case un millón de euros), e que o compromiso da Consellería de Sanidade coa mellora continua da sanidade pública vese reflectido no feito de que se están a blindar os investimentos en materia social e sanitaria para o vindeiro ano 2011, adicando 3 de cada 4 euros das contas públicas a gasto social.

En canto ós acordos solicitados na parte dispositiva di que existe un procedemento de cobertura das ausencias do persoal sanitario pactado cos representantes dos traballadores, e que no caso dos faultativos dáse prioridade ás substitucións, propoñendo en caso de non ter substitutos dispoñibles a través dunha prolongación da xornada e como último recurso óptase pola intersubstitución

Con respecto ó solicitado no punto 2º , presenta una emenda , cambiando os termos "esixir" por "instar" e "de forma inmediata", por "dentro do prazo máis breve posible"

Polo que respecta ó punto 3º, di que resulta tremendamente demagórico ao proceder de grupos que incrementaron cando gobernaron a política de concertación cos hospitais privados, manifestando con respecto ó solicitado no punto 4º, que o Plano de Mellora da Atención Primaria de Galicia, para o periodo 2007-2011 pretende facilitarlles aos médicos de atención primaria mellores ferramentas para poder aumentar a súa capacidade de diagnose e de manexo de determinadas patoloxías prevalentes no noso entorno, citando a incorporación da historia clínica informática e a receta electrónica nas consultas de atención primaria (que xa alcanza a máis do 90% da poboación)

Ademais di que con respecto ás listas de espera, que a Consellería ten posto en marcha medidas para reducir de xeito moi significativo os tempos de demora das listas de espera de ciruxía, das que da conta na súa páxina web e no Parlamento, e que o tempo medio de espera cirúrxica a 30 de setembro era de dous días menos en ciruxía con respecto ao ano 2008 , e programas especiais e/ou consultas de Alta Resolución para reducir demoras das consultas para o especialista: tumores de pulmón, próstata, estómago,..etc,



Expón tamén que pese o esforzo económico que o goberno está a facer para garantir o mantemento dos orzamentos en materia socio-sanitaria os recursos son limitados e resultan insuficientes e mellorables, polo que propón a seguinte emenda con respecto ó punto 6º do acordo que se solicita na moción “Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central que se teñan en conta as particulares características da nosa poboación galega (envellecemento poboacional progresivo, dispersión xeográfica) á hora do financiamento da nosa CCAA en materia socio-sanitaria, e se nos dote de recursos necesarios para garantir unha asistencia de calidade “

Presenta asimesmo a seguinte emenda para o 7º punto, que quedaría redactado do seguinte xeito: “Apoiar o Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias e a que se utilicen as fórmulas que se estimen máis áxiles sempre e cando se garanta o carácter e xestión pública destes investimentos e a máxima calidade asistencial para os nosos veciños”

En canto ós puntos 8, 9 e 10 da moción expón que a utilización de novas fórmulas de xestión estanse a utilizar en todos os ámbitos da xestión pública, tratándose dunha opción independente das cores políticas , que o goberno municipal do PP non pode apoiar as actuacións de organizacións que non só rexeitan o modelo sanitario de xestión da Consellería de Sanidade do goberno do PP da Xunta de Galicia, senón que o seu interese parece responder máis ben a intereses partidistas que á mellora e desenvolvemento da asistencia sanitaria de todos os galegos, e que tan e como está redactado o punto décimo amósase o fin que perseguen os redactores da moción: a propaganda e se nela se pode empregar a demagogia moito mellor.

Por último di que a pesares de ser unha moción tremendamente demagórica , que ten abundantes imprecisións e datos incorrectos, e tendo en conmta que a votación dos dez puntos ten que ser conxunta, o Grupo Municipal do PP votará a favor, pois sempre defendeu, defende e defenderá e traballará por unha constante mellora na atención sanitaria de todos os veciños e veciñas de Vedra.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE formúlalle ao Sr. Lema as seguintes preguntas:

-Se é certo que durante este ano descenderon o número de operacións?


-Díganos o PP de Vedra cal é o importe dos gastos sanitario asignado aos centros de saúde do Concello de Vedra que permitan dotar novamente de persoal e servizos a estes centros de San Xián e Santa Cruz?

-Se é certo que nas últimas oposicións do Sergas as mellores notas son de familiares do tribunal?

-Que hai de certo no traslado da Facultade de Menciña á Coruña?

Di que o que debe facer o PP e recoñecer que hai poucos medios e a mellor maneira de administralos, dada que estamos no pleno do concello de Vedra e non no Parlamento de Galicia , e polo tanto falar da percepción que teñen os veciños dos servizos cos que contamos en Vedra e como os podemos millorar.

Intervén o Sr. Martínez do PP e pregúntalle ao Sr. Sáchez se é certo que o centro de saúde de Vedra foi dos primeiros de Galicia de dispor da e-receta , que para os maiores supón unha vantaxe moi grande?, e tamén se é certo que foi o PSOE cando goberna que pechou os centros de Santa Cruz e San Xián?



O Sr. Sánchez contéstalle ó Sr. Martínez e dille que a receta electrónica implantouse cando gobernaba o PSOE e preguntalle se o PP ten competencias para se é titular e ten competencias para reabrilos?

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción

#### **9º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre do Plan Hidrolóxico de Bacía Galicia-Costa**

Dáse conta da citada moción presentada polo PSdeG-PSOE na que se expón que en xullo deste ano expúxose ó público o Plan Hidrolóxico de Bacía Galicia-Costa elaborado pola Xunta de Galicia para encardinalo no Plan Hidrolóxico Nacional, no que se contempla entre outros 33 novas centrais hidroeléctricas ata o ano 2015.

Sinala tamén a citada moción que o actual goberno de Galicia paralizou en xuño do pasado ano a Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico iniciado polo anterior goberno e que tiña que rematar no último trimestre do 2009, precisamente destinado a facer efectivo a non instalación de máis minicentrais nos ríos galegos

Polo exposto solicitan a adopción do seguinte acordo:

*O Concello de Vedra insta á Xunta de Galicia a retirar do Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia-Costa as 33 novas centrais hidroeléctricas previstas ata o ano 2015, para evitar a explotación dos ríos galegos*

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que o acordo que se solicita é absolutamente razoable, que pode ser aprobado perfectamente por todos os grupos políticos

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que efectivamente non hai moito que debatir ante a realidade.

O Sr. Alvela de TEGA di que está de acordo coa moción e o Sr. Martínez do PP di que coñece o tema do Río Ulla e entende que si existe unha sobreexplotación e polo tanto van apoiar a moción.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción

#### **10º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores**

--Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do arquivo da emigración, di que no ano 2000 se asinou un convenio coa Sociedade de Vedra en Bos Aires en virtude do cal cedíanlle o arquivo ó concello de Vedra para a súa custodia, que se atopa arquivado e parte del na biblioteca para que calquera o poida consultar, e que non está dixitalizado e que a Sociedade da Emigración o microfilmou para o seu propio arquivo.





2.- En canto á pregunta sobre se a empresa constructora dos chalets de Xián -Trobe, deu algunha solución ao problema de saneamento, di que de momento non.

3.- Sobre do arranxo do tellado do Pavillón coa subvención outorgada pola Deputación, di que se levara a cabo proximamente, se ben como xa se dixo en moitas ocasións o problema só se solucionaríase definitivamente co cambio do tellado, sinalando que ás veces as goteiras son debidas á condensación.

4.- En canto á apertura do recinto da ludoteca os fins de semana, di que se falou coa traballadora responsable e que se estudará

5.- Sobre da instalación de medidas coercitivas á velocidade nas inmediacións da Casa do Sindicato e na escola infantil de San Fins, di que se falou co encargado da zona e dixo que as marcas viais para a limitación son as que hai postas e que bandas rugosas máis grandes non se autorizan

Fala da posibilidade de solicitarlle a cesión deste tramo urbano, pero entón as competencias sobre o seu mantemento sería do concello

Polo que respecta á escola de San Fins buscouse a solución de que os nenos salgan por outra porta existente que dá acceso a unha pista que non conleva perigo.

--Ás preguntas de don José Alvela de TEGA, sobre da inclusión no roteiro dos lugares de Legarei e Piñeiros di que se estudará unha vez pasadas as vindeiras eleccións municipais.

--Á pregunta do Sr. Martínez sobre da regularización do importe pagado polos veciños de San Xián para as obras de conexión á rede de sumidoiros, di que se comprobarán as obras e logo se regularizará cos veciños.

## 11º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:


1.- Solicito explicacións de por qué se paralizaron as actividades deportivas durante 2 semanas, e por qué houbo movementos de persoal?

2.- Asimesmo solicito se cumpra o Regulamento de uso do Pavillón deportivo e se dé conta ao pleno da memoria de actividades do ano pasado e do proxecto deste ano no que se explique claramente se vai sufrir ou non cambios o publicitado no Boletín Municipal ao comezo da temporada, e como se vai xestionar e financiar o mesmo

3.- Ante as contínuas referencias á situación de problemática financeira que se viñeron facendo aquí nos últimos meses, e ante a evifencia de estar habendo movementos nas contratacións, solicito se dea información en pleno á maior brevidade posible, de cal é a situación económica do concello, e de a qué servizos, prestacións e persoal vai afectar esta situación

4.- Solicito o arranxo inmediato da pista de acceso ao Campo da Festa dende a estrada da Deputación pola parte de abaixo da escola, e o corte das mesmas mentres este arranxo non se produza.

5.- Solicito que o concello faga as xestións oportunas para que o servizo de comedor dependente da consellería do C.P.I de Vedra, abra todos os días da semana; parécenos intolerable que nos tempos da conciliación da vida familiar e laboral un servizo como o do comedor poida estra pechado algún día



6.- Solicito que o concello informe á corporación da afección real sobre do termo municipal do Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia -Costa

--Don Carlos Martínez Carrillo do PP formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Súmase ás preguntas plantaxadas por dona

2.- En relación a varios cemiterios:

1.a.- En que situación legal e real se atopa a día de hoxe a ampliación do cemiterio de San Pedro de Sarandón?

1.b.- Solicitouse por parte do concello ao Bantegal a cesión da finca lindante ao cemiterio de Ponte Ulla, onde está prevista a súa ampliación?. Cal é a situación administrativa actual de dita parcela?

A Presidencia contéstalle que está solicitada e autorizada, se ben tanto a do cemiterio de Ponte Ulla como a do campo de fútbol de Vedra a autorización é para esa finalidade

2.- Rogamos, na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, que se revisen as sinais de STOP, moitas pintadas de vermello (xunta a casa de Juan Freire -Famelga-, xunto a casa de David Ferradáns hacia o campo de fútbol -Lagoa-, xunto a fonte en Outeiro, na estrada de Agronovo xunto a cerrada de Casal, dirección río e campo de fútbol).

Igualmente, xunta a Capela das Dores en Tomonde, xa houbo varios accidentes, polo que se debería estudar e realizar de forma inmediata a sinalización (ben mediante pintura no chao, ben mediante sinais), de varios STOPS e CEDAS naquela zona.

3.- Igualmente, recordamos que a día de hoxe está pendiente de realizar a protección lateral cara a vía férrea xunto a farmacia vella

4.- A pedimento de varios veciños, rogamos en San Pedro de Sarandón que se arranxen varios baches na pista que vai a Ribeira abaixo da igrexa.

5.- Solicitamos o asfaltado da estrada que ven dende Baamonde ata a Igrexa de San Andrés de Illobre, dado que a pesar de ser parcheada en dúas ocasións, atópase na actualidade en moi mal estado


6.- Por último, e dada a actual situación de crise que se está a vivir, e da cal creo que non se escapa o Concello de Vedra, rogamos que se gaste menos en papel, envíos, e publicidade, e máis en atender servizos básicos

--Don Manuel Costa do PP expón:

Dende o Grupo Popular solicitamos que se fagan as xestións necesarias ante a Deputación Provincial e/ou empresa adxudicataria das obras da estrada DP8203 Vedra -Santa Lucía na fase de San Xián para que a sinalización quede nas condicións debidas

Como está o tema da última fase e da nova ponte, tan necesaria. No último pleno, Sr. Alcalde díxonos que tiñamos que apoiar todos. Nós reiteramos o noso apoio para que esa obra tan necesaria se faga, así que ..adiante.

Cando van a comezar o asfaltado da pista de A Torre? É conveniente axilizar este tema pois con mal tempo e as obras e saneamento a pista faise intransitable.



Pro certo, as obras de saneamento a pista faise intransitable. Por certo, as obras de saneamento tiñan reposición do asfaltado?

Nun pleno se nos dixo que as obras feitas na pista San Xián (Cibrán) a Oza que quedaran mal, ían ser reparadas cun novo proxecto que se prolongaría ata o campo da festa, como está este tema?. Das reclamacións á empresa que executou as obras, DAGO, das que vostede nos ten falado, que se conseguiu?

Volvemos reclamar que se lle busque una solución ao custe do subministro eléctrico do local social de San Xián dada a importancia e o fin social deste local para os veciños

No cruce da DP8203 coa pista de A Torre había unha parada de bus con marquesina. Ao quedar cortada a estrada e desviada a circulación de bus por outro lado, esta parada non ten sentido, polo que solicitamos que de acordo coa asociación de veciños da parroquia, se lle busque a ubicación máis idónea para prestar o servizo

Tamén en A Poza Paradela, había unha marquesiña na parada que foi retirada e agora desapareceu a parada polo que os nenos están a choiva. Solicitamos que se fagan as xestións necesarias para recuperar a parada coa marquesiña.

Faltan varios taboleiros na parroquia de San Xián de Sales. Onde están?. Solicitamos que se volvan a poñer.

Solicitamos tamén que se lle coloquen ou ben se lles faciliten números novos ás casas cuxos valos foron derrubados polas obras da estrada Vedra -Santa Lucía. Quedan millor co número do concello.

Solicitamos tamén a colocación dun sinal de STOP no cruce da pista que vén de Cacheiras a Romarís coa de Laraño, xa que está sin sinalizar e hobou de haber varios accidentes pola falta de visibilidade e sinalización.

Solicitamos que se felicite ao concello de Teo polo asfaltado da pista antes mencionada no seu territorio municipal, obra demandada polos veciños e traída a este pleno

Na aldea de Laraño, no lugar de O Raposo, cando se fixeron as obras de saneamento comprometéronse a poñer tubos laterais e ensanchar a pista, cando se vai facer iso?. Solicitamos a execución desta obra.

Solicitamos que se xestione un acceso do novo trazado da estrada DP8203, Vedra-Santa Lucía, ao trazado vello diante da casa de cultura.

## 12º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

O Sr. Inocencio Álvarez , en calidade de Presidente da AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla agradácelle ós representantes municipais por estar na reunión celebrada sobre do cemiterio de Santa Cruz, incidindo que na medida do posible se acorten os prazos, felicitándose polo acordo alcanzado

Ademais apoia a proposta da voceira do BNG sobre da antena de telefonía móbil de Tomonde, facendo uns incisos:

1º.- Esixirle á empresa o cese da actividade en canto a administración non se faga unha medición da radioactividade



2º.- Esixir da empresa unha certificación de medidas radioactivas dende o ano 90, cando se instalou, e de un prazo máximo de 3 meses, ou no seu defecto o que sinala a lei, para que a súa retirada se faga inmediata: por estar ilegal; por estar nunha zona protexida e a desconfianza na influencia do cancro existente nesta zona, coomprometéndose a AA.VV a buscar unha ubicación para esa antena, e por suposto requerirille para que pague os impostos.

Propón que por parte do concello se fagan as xestións oportunas ante a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para que se faga un ou dous pasos de peóns coa sinalización oportuna, dado que o paso a nivel non está previsto que se faga nestes momentos

Para rematar dille o Sr. Lema do PP que no centro de saúde de Vedra si existe lista de espera.

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e trinta e cinco minutos

